

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/05/2018 12:31:32

SAIDA

5000/18

Sr. Patrón Maior da Confraría de Pescadores de
Carril rúa Aduana nº 23
36610 - CARRIL (Pontevedra)

cofradia@cofradiacarril.org

Expediente: S.1.Q/3746/18


Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018

Sr. Patrón Maior :

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento de que [REDACTED] pode estar sufrindo unha violación dos seus dereitos laborais e de igualdade de xénero.

Polo exposto anteriormente, iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos desa confraría que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, no caso de confirmarse; sobre o tipo de relación laboral que existe coa [REDACTED]; sobre se tal como informou a prensa o pasado 1 de maio de 2018 [REDACTED] está sometida ás ordes doutro compañeiro que leva traballando na confraría escasos seis meses; e sobre as medidas que se adoptaron ou se adoptarán, no caso de confirmarse tal cousa; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e, saúdoo atentamente.



Milagros Otero Parga
Valedora do Pobo